

# Economía, linguaxe e poder

Discurso lido o día 29 de xaneiro  
de 1999 no acto da súa recepción,  
polo ilustrísimo señor don

**Xaime Isla Couto**



REAL ACADEMIA GALEGA







# **Economía, linguaxe e poder**

O solemne acto académico  
no que foi lido o discurso  
recolleito no presente volume  
celebrouse o 29 de xaneiro de 1999  
no Salón de Actos da  
Real Academia Galega

Na presente edición reproducimos o  
discurso de Xaime Isla Couto según o  
mecanoscrito conservado no Arquivo  
da Real Academia Galega.  
A contestación de D. Carlos Casares  
non está dispoñible.

Edita  
Real Academia Galega

© Real Academia Galega, 2014

Deseño da colección  
Grupo Revisión Deseño

# Economía, linguaxe e poder



REAL ACADEMIA GALEGA

A Coruña 2014



Discurso do ilustrísimo señor don  
**Xaime Isla Couto**







## Señores académicos:

Manuel Murguía, o gran patriarca do noso rexurdimento no XIX e primeiro Presidente da Academia, nun discurso lido no acto de inauguración pública desta, no setembro de 1906 e no Círculo Recreativo e Instructivo de Artesanos da Coruña, pronunciou estas palabras: “No puede perecer un lenguaje que tiene una literatura gloriosa, y hombres que son orgullo de la inteligencia humana. Por eso y para recoger en Galicia su verdadero léxico, dar a conocer su gramática y afirmar su existencia, se fundó esta Academia. Porque el idioma de cada pueblo es el característico más puro y más poderoso de la nacionalidad. Gentes que no hablan la lengua que les es propia, es un pueblo que no se pertenece”. Na mesma ocasión e uns parágrafos antes, Murguía, referíndose aos homes xenerosos que na emigración en Cuba alentaron a idea da Academia (entre eles, e moi sinaladamente Fontenla Leal, un tipógrafo, e Curros Enríquez, o gran poeta), afirmaba: “Ellos lo han dicho: quieren que empecemos por el estudio del idioma que hablamos hace más de diez siglos. Hacen bien: un pueblo que olvida su lengua es un pueblo muerto... lo primero nuestra lengua”.

A tal angueira, expresada pateticamente por Murguía, foi ganando, a través dos anos, os espíritos máis sensibles do país ata prender vivamente na conciencia social e agromando hoxe na inquedaanza explosiva de todas as capas e sectores novos do país.

E é ben certo que non pode dicirse que esta espléndida realidade presente sexa o froito do labor académico de tantos anos, nin podería razoablemente agardarse tampouco que o fose. Débese a unha obra de xeracións, con achegas e correntes diversas, xurdidas do seo da nosa sociedade, pero que atoparon na Academia unha canle de institucionalización eficaz, pois que foi durante moitos anos a única entidade autenticamente representativa da íntegra condición galega. (Neste senso, moitas iniciativas como a hoxe popular xa Festa das Letras Galegas tiveron na Academia a súa mellor acollida, garantía e promoción).

Por outra banda e con visión certa, a Academia estendeu a súa proxección desde o comezo, non soamente ao campo da literatura, senón aos demais eidos da cultura -nos que o instrumento lingüístico ten o seu nexos estrutural máis fondo, segundo mostra de xeito convincente o pensamento actual- e que contaron -e contan-, entre os 40 membros primeiros da Corporación, egrexios e sobranceiros representantes; bastaría citar os nomes -que me veñen ás mentes, pois hai moitos outros- dos que pasados e gloriosos xa, como Ángel Amor Ruibal, Manuel Lago González, Antonio López Ferreiro, Roberto Novoa Santos, Marcelo Macías, Ramón María Aller, Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo e Florentino L. Cuevillas; así como nas artes, os de Castela, Asorey e Gómez Román. É por iso que a miña elección de académico coa que me honrou xenerosamente esta ilustre Corporación, débese -penso eu, sen dubidalo- máis que aos méritos dunha obra persoal propia, ben humilde e versátil no meu caso, anónima na súa meirande parte e espaxada en moreas de artigos, editoriais, estudos, informes, relatorios ou traballos en colaboración e derramada con exceso en cátedra e en parladoiros e conferencias, todo iso sen parangón posible coa doutros académicos, débese, repito, á miña pertenza a un equipo irmandado de homes que comprometeron firme, fonda e porfiadamente o mellor das súas vidas na loita pola personalidade cultural e social da nosa terra, e dos cales se me fai a min afortunado persoeiro. Aínda que inmerecido, é difícil rexeitar tan valiosa representación.

\* \* \*

O desexo entusiasta de corresponder digna e eficazmente á vosa distinción (e tamén a vella chamada de Ramón Piñeiro, reiterada no envío dun traballo ben eufemisticamente titulado “El regionalismo gallego”, -Revista *Razón y Fe*, xuño 1974- dicíame “agardando a nova teoría do galeguismo que nos debes”) levoume a considerar inicialmente como tema deste discurso a revisión crítica e actualización da problemática nacionalista baixo o título de “Teoría e Praxe da Nación”. Tema este enraizado en min desde o comezo con vocación irrevocable, co que me debatía xa no curso de bacharelato: “En la clase de filosofía hemos visto a Jaime Isla Couto, 14 años, contestar entrecortadamente como buscándose a sí mismo en la lección (sobre os conceptos de sociedade, rexión e nación). El no sabe de memoria las cosas. Todas las ideas provocan lucha

dentro de él y así lo que va diciendo está teñido con su personalidad”, contaba Juan Carballeira na reportaxe dunha visita feita ao Instituto de Vigo publicada no *Pueblo Gallego* de abril de 1930.


Dous anos despois nun cursiño sobre “sistemas políticos”, dirixido polo venerable profesor de Ética, D. Alejandro Díaz Blanco, presentaba en castelán un traballo que na miña escrita rezaba “Do concepto de nación cun exemplo: Galicia”, destacando nel os elementos étnicos, psicolóxicos e conciencia nacional, comunidade cultural e linguaxe: e como secuela, a necesidade da realización política.

Polas mesmas datas e ata 1936, a raíz dunha semana de Estudos tida na “Misión Biolóxica de Galicia”, organizada polos Agrupamentos ULTREIA, e da relación co Seminario de Estudos Galegos como alumno colaborador -da man do profesor Filgueira Valverde, o seu Secretario-, participando nas campañas de investigación dos anos 35 -Terra do Deza- e 36 -Fisterra-, incorporado á Sección de Estudos Económicos, Xurídicos e Sociais, fixéronme descubrir a importancia da dimensión económica na construción e desenvolvemento nacional e arrequecer así aqueloutra perspectiva política e cultural; e con iso a necesidade imperiosa que tiña o galeguismo de afrontar o seu estudo.

Tras as duras e consabidas circunstancias da Guerra Civil e a implantación da Ditadura, foi nos anos 50, coa constitución como Sociedade Anónima da Editorial Galaxia -precedida pola experiencia do Suplemento de *La Noche* diagramado en tres seccións: *Descubrimiento de Galicia*, *Feira do Espírito* e *Vida e Cultura*-, que puido darse continuidade efectiva a aquela angueira. O número 4 da Colección *Grial* publicado en 1952<sup>1</sup> -“no máis absoluto deserto de literatura económica galega”, en frase de Xosé Manuel Beiras-, incluía un breve ensaio meu no que tentaba caracterizar a situación económica de Galicia, reducida a protagonista pasiva dos grandes cambios que lle ía impoñendo o desenvolvemento industrial sen que o noso corpo social tivese órganos propios para adecuar ese proceso á realidade galega.

Este traballo -na opinión de Ramón Piñeiro- “representaba un verdadeiro berro galeguista de denuncia”. Encoraxábase aos economistas e estudiosos do

1 Tiña como título “Aspectos económicos y jurídicos de Galicia” e imprintouse antedatado para sortear a orde gubernativa de suspensión da Colección, que non foi autorizada como revista ata o ano 1962.



país a virar as costas nun bo tempo á teoría económica vixente para pór man desde xa á observación daquela realidade e á elaboración cabal da nosa propia teoría (en palabras semellantes ás que o profesor sueco Gunnar Myrdal, Premio Nobel de Economía, pronunciou tres anos despois no Cairo, dirixidas a un numeroso público de estudantes dos países non desenvolvidos).

O aguillón para promover a realización destas ideas, espertando a conciencia da nosa sociedade, foi a *Revista de Economía de Galicia*, nacida no ano 1958 e sostida, pese ás consabidas eivas e atrancos de toda clase, ata o 1968. Sería impertinente pola miña parte valorar aquí os avatares, os contidos e a súa proxección ou incidencia na comunidade, pois abundan os estudos, comentarios críticos e referencias existentes ao respecto<sup>2</sup>.

O 4 de outubro de 1969 pronunciaba eu a lección extraordinaria de apertura de curso das Escolas Universitarias de Vigo, baixo o título de “Ciencia, Sociedade e Rexión. Prolegómenos para unha ciencia rexional”, produto dunha reflexión estimulada por aquel mesmo labor no campo económico e o contacto coas correntes renovadoras do pensamento da época, procurando buscar camiños de superación das concepcións ao uso da nación e do nacionalismo, dependentes en exceso dun tratamento ou teorización redutivamente afincado no político-ideolóxico, de dereitas ou de esquerdas, dos idealismos ou dos materialismos (estes á inversión daqueles).

Citaba eu de entrada este texto de Michel Foucault: “Do mesmo xeito que o organismo vivo manifesta na súa coherencia as funcións que o manteñen vivo, a linguaxe, na completa arquitectura da súa gramática, fai visible a vontade fundamental que mantén a un pobo en vida e lle dá o poder de falar unha linguaxe que non pertence máis que a el”<sup>3</sup>, linguaxe que inclúe a manifestación non verbal (singularmente relevante naqueles pobos desposuídos de lingua propia) abranguendo así toda a cultura, que de tal xeito convértese en semiótica da nación.

Linguaxe e vida, economía e cultura, coñecemento e poder, teoría e experiencia, ofrécense como perspectivas dun fecundo campo de traballo que requiere necesariamente o esforzo cooperativo pluri- e trans-disciplinario de equipos

2 v. Isla Couto, Xaime: “A Revista de Economía de Galicia”, en *GALICIA*, 1950-1990. Publicación conmemorativa do trinta aniversario da Editorial Galaxia.

3 *Les mots et les choses*. Gallimard p. 303.

de especialistas, non só das ciencias humanas e sociais, senón das cognitivas e naturais.

Para servir de axuda á realización deste ideario, creamos en 1987 unha Biblioteca de Ciencias e Humanidades para integrar na Fundación Penzol e un Instituto Galego de Estudos Comunitarios. Como mostra, presento aquí un dos esquemas de reflexión e traballo producidos neste centro.

Pero antes debo atender ao deber estatutario -que gratamente cumpro- de facer memoria do meu devanceiro nesta cadeira.

\* \* \*

Joaquín Freyre de Andrade e Valverde naceu na cidade da Coruña o ano 1884 e faleceu nesta mesma cidade o día 18 de febreiro de 1962.

Doutorouse en Filosofía e Letras. Na súa mocidade, e diante dun tribunal composto polos señores Echegaray, Azcárate, Labra e Moret, gañou por oposición unha cátedra na Escola de estudos especiais do Ateneo de Madrid, na que desenvolveu un curso sobre “Historia da cultura española”. Por concurso obtivo co número 1 a cátedra de Lingua e Literatura española da escola superior de Pforzthem, en Alemaña.

Colaborou en revistas españolas e estranxeiras, entre as primeiras a mesma *Revista do Ateneo* e *La Lectura*, tratando preferentemente temas galegos de arte e literatura.

“Orador mesurado, correcto, seguro de concepto, claro de expresión e elegante na forma”, como dixo del Leandro Carré, ditou conferencias entre as que cabe citar a dedicada ao Pórtico da Gloria, e cursiños, como os consagrados a Menéndez Pidal, no centenario da Reunión de Artesanos da Coruña, o ano de 1947, e a Dona Emilia Pardo Bazán, a quen o uniu unha estreita amizade, formando parte do faladoiro daquela no Pazo de Meirás.

Dedicouse tamén ao xornalismo, e durante algún tempo dirixiu *El Orzán* da Coruña.

Ingresou na Academia para ocupar a vacante deixada pola morte do musicólogo Don Xosé Baldomir, o día 30 de novembro de 1956, cun discurso sobre “Linares Rivas, dramaturgo contemporáneo”.

Conversador amenísimo, era un profundo coñecedor das letras españolas e galegas, especialmente do século XIX, sendo moi estimadas as súas valoracións críticas nos faladoiros que frecuentaba.

Marino Dónega que o tratou -e a quen debo e agradezo a obtención destes datos biográficos-, acompañaos dunha nota impresionista e agarimosa de caracterización persoal: “Tiña o seu engado. Notábase ás claras a súa fasquía aristocrática. Tiña un físico buído e lizgairo. Movía as mans, finas e sensitivas, con delicadeza e expresividade. Manifestábase sempre con elegancia e precisión. Andaba morto coa friaxe e mantíñase con frugalidade. Ascetismo consecuente coa súa incapacidade para se mover lixeiro no mundo das realizacións prácticas. Comportábase decote con fidalga dignidade. E nos seus anos crepusculares exercía de vello rosmón”.

Freyre de Andrade era coetáneo das figuras sobranceiras da Xeración Nós, Lousada Diéguez e Vicente Risco, nados no mesmo ano que aquel -1884-; Castelao, Cuevillas e Viqueira, no 1886, e Otero, no 1888. (Antón Vilar Ponte naceu no 1881). Con eles sentou na Academia, pero a súa visión de Galicia e da súa cultura era tributaria da que nos ofreceu a eximia escritora Dona Emilia Pardo Bazán, coetánea esta, pola súa parte -con diferenza dun ano- do poeta Manuel Curros Enríquez, e en radical antagonismo ou contraste co mundo ideal apaixonadamente predicado e profesado por este. Non podo prescindir da cita:

“Es la literatura regional puente que enlaza a las letras cultas con la poesía y arte del pueblo... a los poetas regionales les comprendemos y sentimos de un modo estrecho y personal; nos hablan de cosas muy próximas al alma, cosas que no se olvidan por más azares que la existencia traiga consigo y por muy lejos que nos arroje la suerte del rincón donde se abrieron nuestros ojos, nos envuelven en la atmósfera natal, tibia como el claustro materno; compendia su música lo pintoresco de nuestras costumbres y lo añejo y venerando de nuestras tradiciones; son la infancia, son la fe, son la ternura. Y el dialecto, aún en países como el nuestro, donde las clases educadas ni lo hablan ni lo escriben, posee un dejo grato y fresquísimo, que se nos sube a los labios cuando necesitamos balbucir una frase amante, arrullar a una criatura, lanzar un festivo

epigrama, exhalar un ¡ay! de pena; pues con ser hoy el castellano nuestro verdadero idioma, siempre sentimos la proximidad del dialecto, que lo ablanda con su calor de hogar, que modifica el acento y la pronunciación, que impone el giro, el modismo, el diminutivo; que, en suma, comunica perfume campesino y agreste al habla majestuosa de Castilla” (Libro *De mi tierra*, páxina 7), “hechizo... gracia... su aroma de flor recién nacida en las montañas y en los linderon incultos...” (páxina 9).

Para Dona Emilia, Galicia é unha paisaxe, pero entendámonos: A paisaxe como exercicio puramente subxectivo, como sublimación intelectual da súa sensibilidade. A paisaxe vén ser a proxección das súas lecturas románticas nos recordos aldeáns da infancia.

O contraste podémolo apreciar en Ramón Otero Pedrayo, para quen a paisaxe é fasquía aparente e coherente coa dinámica vital da terra, traballada e animada polo home. É algo que xorde en interacción de dentro a fóra, non como na Pardo Bazán que semella un mero reflexo do seu interior.

Este contraste é ben importante porque se segue de aí que no que para Don Ramón é esencialmente diferenza creadora, en Dona Emilia é matiz ou degradación respecto dos paradigmas mentais ou modelos que serven de marco de contemplación e construción intelectual a un e outro dos nosos autores.

Certo é que na Pardo Bazán -e concretamente no texto transcrito- percíbese como unha simpatía entrañable coa paisaxe natural e humana que tan morosamente nos describe. Pero este sentimento ou comuñón, puramente vexetativo con raizame indiscutible da condición galega da escritora, resultan afogados ou depreciados por unha querenza excluínente e superior, involucrada no pensamento racional da modernidade e na concepción unificadora, centralizadora e soberana do Estado Nación e dos intereses e poderes dominantes na súa sociedade.

Un recordo de infancia que recolle Elvira Martín no seu libro *Tres mujeres gallegas* (páxina 159) é ben ilustrativo “...me refugíe en mi habitación y garrapateé mis primeros versos en honor de aquella “cosa” tan alta, tan magestuosa, que nadie dejaba de reverenciar: La Nación.”

Celestino Fernández de la Vega axuizou con aguda perspicacia o realismo atribuído á obra de Pardo Bazán, que acusa no fondo máis ben unha enerxía



idealizadora; e outra das características atribuídas á súa personalidade, o cosmopolitismo, configúrase en verdade como segregación ou derivación ideal daquela visión do mundo da gran Nación.

Atrévome a pensar que o encontro de Joaquín Freyre de Andrade na Academia cos homes de Nós, máis que encontro foi un desencontro cordial e significativo; epígono fiel o primeiro de Dona Emilia, naquela sombría e dura circunstancia que no tempo se despedía con aristocrática e señardosa amargura, daquel mundo de realismo e cosmopolitismo imaxinados; os segundos, aureolados por un idealismo romántico pero afincados na profunda realidade do País, na identificación entrañable co seu pobo e na experiencia viva dos seus problemas, traían con eles o anuncio, a semente e o inicio dun futuro máis luminoso e creador, que de xeito positivo alenta xa na existencia actual da Academia.

\* \* \*

A moderna teoría sociolóxica distingue e define, como configuradores en conxunción inextricable da enteira acción social humana, estes tres sistemas:

- De sustento e desenvolvemento material, a economía.
- De creación simbólica, cognitiva, ideativa e de valores, a cultura.
- De orde, control e axuste social, a política.

estimándose que mentres o primeiro e o terceiro inciden nos medios (necesidades e bens, poder e orde), o segundo -a cultura- coextensiva aos outros dous (do que é expresión a linguaxe en todas as súas formas), constrúese como reino dos fins.

Formulacións máis recentes amplían aquela distinción con outros dous sistemas relativos aos axentes activos ou pasivos implicados naquela acción:

- O biosocial ou bioxenético, atinente á reprodución humano-social e as súas bases biolóxicas.

- O ecolóxico ou socio-xeográfico, das relacións do home social co seu ambiente ou medio natural.

(e a eles engadiría eu outros dous:

- O mundo do Caos, no límite inferior, das realidades e dinamismos profundos, das forzas e infraestruturas subxacentes, do irracional...
- O mundo do Espírito, no límite superior, da transcendencia, das ultimidades, da relixión ou religazón co infinito).

A articulación concreta destes sistemas, producida nun “lugar” ou espazo e tempo determinados e por unha comunidade de homes en interacción co seu medio natural e social, é o que conforma propiamente aquilo que chamamos unha “cultura” -ou nación no seu senso primario ou orixinario-, así diferenciada e identificada pero sometida a procesos de mestizaxe e transculturación que arrequecen e universalizan os seus contidos.

Podemos sinalar como dimensións de conxunto deste traballo articulador e con proxección en cada un dos sistemas, as que o sociólogo catalán Salvador Giner, con referencia específica ao cultural, establece así:

- a comunión
- a innovación ou creación
- o dominio ou poder

que se revelan nos complexos e dialécticos procesos de personalización e socialización, de pertenza ou identidade e diferenza, de religazón afectiva e transcendente (en todos os que destaca a lingua como medio de expresión e comunicación); de tradición, cambio e progreso, de creación individual e colectiva (que teñen na linguaxe poética a máis sublime manifestación); de normalización e espontaneidade (dos que a formación e evolución da lingua ofrece tamén un cabal paradigma).

E ocorre que na combinatoria e decurso histórico desa complexa acción social, os axentes protagonistas dela máis poderosos trastornan aquela relación cabal, convertendo perversamente os medios en fins, facenda da riqueza apro-

piada ou do poder, dominios absolutos, e da lingua manipulación ao seu servizo; mesmo, erosionando a fecunda diversidade das culturas, co imperio da uniformidade e homoxeneización.


As revoltas que andamos a vivir neste tempo con quebra dos grandes sistemas do pensamento -nados do racionalismo da Modernidade- o descrédito das ideoloxías maniqueas, a crise tamén dos estado-nación centralizados, xunto coa mundialización ou globalización da economía e a acelerada revolución tecnolóxica, sitúannos diante dunha nova época -a era da información e do coñecemento- e dun mundo transfigurado como sociedade de redes e non de fronteiras, pero de recuperación, ao mesmo tempo, das identidades e diferenzas do mundo da cultura e das linguas.

Concretamente e no campo económico, a crise profunda do modelo de crecemento industrial prevalecente entre nós ata os anos setenta -inducido e caracterizado polo sistema “fordista” americano de produción en masa e da grande empresa, de organización centralizada e piramidal- fixo descubrir, por unha banda, as insuficiencias desta concepción e, pola outra, as frustradas potencialidades e virtualidades acochadas no mundo nacional -daquela nación primeira e básica-, do rexional e local.

Son moi copiosos e significativos os testemuños que, como aplicación de todo isto, puideran aducirse, procedentes de personalidades representativas nos ámbitos da economía e da empresa, da política e da cultura. Por vía de exemplo, de desigual valor e alcance e por telos máis á man, citarei os seguintes: O de Kenichi Ohmae, o máis coñecido dos gurús nipóns, cunha obra de título ben significativo: *O fin dos estado-nación e o ascenso das economías rexionais*. O do celebrado futurólogo John Naisbitt que nunha recente publicación colectiva, coordinada por Rowan Gibson -*Preparando o futuro*- dinos que aquel mantra ou paradigma da Nova Era “pensade mundial ou global e actuade local”, deu un xiro de 180 graos e a súa fórmula agora debería ser: “Pensade local e actuade global”, e dános como exemplo o idioma inglés, que se está convertendo no idioma universal, e canto máis se converta na segunda lingua de todo o mundo, máis prezada se estima a primeira lingua, a lingua materna, porque é a que constitúe a identidade propia de cada pobo. O do francés Jean Louis Guigou, delegado da Ordenación do Territorio e Acción Rexional, que nos 4<sup>s</sup> Encontros de Desenvolvemento Local tidos en Marsella, no Nadal pasado, declaraba nada menos: “a mesma noción de soberanía, refuxio onte da

indivisibilidade, reclama hoxe un exercicio compartido”. E os sociólogos Manuel Castells, que nunha obra maxistral -publicada baixo o título de *La Era de la información. Economía. Sociedad. Cultura*- dedica o 1º volume ao estudo da Sociedade Rede e o 2º, dialecticamente complementario, ao Poder da Identidade; e Alain Touraine, quen no seu recente libro *Podemos vivir xuntos? Iguais e diferentes* afirma: “non é no plano mundial como tampouco no plano nacional, onde se forman as prácticas innovadoras, senón localmente, arredor de cuestións concretas e inmediatas cunhas relacións interpersoais directas. De igual modo que o movemento obreiro naceu da organización informal e das reivindicacións nos talleres, así hoxe o renacemento da acción social opérase a partir da base, de onde veñen as iniciativas creadoras e liberadoras, o cal, evidentemente, non significa que todo o que procede de abaixo sexa liberador, senón que o espírito de liberación consiste en defender e reforzar a liberdade e a dignidade de cada individuo”.

Atopámonos hoxe, pois, cun cambio radical do paradigma comunitario, que rompe coa concepción puramente subsidiaria do desenvolvemento económico lineal ou da visión estática tradicional pechada en si mesma, para abrila cara a dentro na promoción orixinal daquela liberdade e dignidade persoal e colectiva, e cara a fóra na busca sinérxica de novas comunidades transfronteirizas e transnacionais, e invitándonos a unha acción transformadora da nosa esquizofrénica realidade actual, coa creación de redes económicas de pacífica cooperación e auténtica competencia innovadora: co compromiso decidido na reconstrución do Estado e das súas estruturas organizativas, tendo en conta as novas esixencias do que se ten definido xa como “glocalización” ou “globalización”, a súa reconversión socialmente humanizadora, coa fortificación da sociedade civil e da democracia real de abaixo a arriba, solidaria e participativa, e a neutralización dos efectos perversos dos poderes transnacionais dominantes; a recuperación, en fin, da identidade común da lingua e dos valores culturais propios, da súa creativa especificidade universal.





**Real Academia Galega**

Rúa Tabernas, 11

15001 A Coruña

Tlf. 981 207 308

Fax 981 216 467

[secretaria@realacademiagalega.org](mailto:secretaria@realacademiagalega.org)

[www.realacademiagalega.org](http://www.realacademiagalega.org)



**REAL ACADEMIA GALEGA**

